



Teaching Guide

Identifying Data				2022/23
Subject (*)	Galician Literature and Sociocultural Studies	Code	613G02032	
Study programme	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descriptors				
Cycle	Period	Year	Type	Credits
Graduate	2nd four-month period	Third	Optional	4.5
Language	Galician			
Teaching method	Face-to-face			
Prerequisites				
Department	Galego-Portugués, Francés e LingüísticaLetras			
Coordinador	Fernandez Perez-Sanjulian, Carme	E-mail	carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es	
Lecturers	Axeitos Valiño, Ricardo Fernandez Perez-Sanjulian, Carme Rivadulla Costa, Diego	E-mail	ricardo.axeitos@udc.es carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es diego.rivadulla@udc.es	
Web	www.udc.es/filo			
General description	Estudo da literatura galega desde a perspectiva dos estudos de xénero, sistémicos, identitarios, emerxentes, etc. Neste curso académico, a análise dos textos literarios realizarase a partir do paradigma dos estudos de xénero.			

Study programme competences / results

Code	Study programme competences / results
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A4	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.
A7	Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A17	Ter un coñecemento avanzado da literatura galega.
A18	Ter un coñecemento avanzado da literatura portuguesa.
A19	Coñecer a historia e a cultura das comunidades galegofalantes.
A20	Coñecer a historia e a cultura das comunidades lusófonas.
A23	Coñecer a situación sociolingüística da lingua galega.
A27	Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua galega.
A28	Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua portuguesa.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.



C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences / results		
Saber analizar o papel do xénero na organización da vida pública e da vida privada a través de fontes literarias.	A2	B3	C4
	A3	B5	C6
	A4	B7	C8
	A10	B8	
	A11	B10	
	A14		
	A15		
	A17		
	A18		
	A19		
	A20		
Adquirir a capacidade de utilizar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais	A1	B1	C1
	A2	B2	C3
	A3	B3	C4
	A4	B4	C6
	A7	B5	
	A10	B6	
	A11	B7	
	A14	B8	
	A15	B9	
	A17	B10	
	A19		
Comprender os procesos históricos do estudos literarios e culturais e as súas mudanzas de paradigma.	A1	B2	C1
	A4	B3	C3
	A7	B5	C4
	A10	B7	C6
	A11	B8	C7
	A14	B10	C8
	A15		
	A17		
	A18		
	A19		
	A27		



Adquirir as habilidades necesarias para analizar e interpretar os mecanismos dos procesos da creación literaria.	A1 A2 A4 A10 A11 A14 A15	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10	C1 C3 C4 C6
Coñecer e valorizar a diversidade cultural, con especial atención ao ámbito galego-portugués.	A11 A14 A15 A17 A19 A20 A23 A27 A28	B3 B5 B7 B8 B9 B10	C4 C6
Analizar e interpretar textos, aplicando diferentes modelos teóricos e xenéricos.	A1 A2 A4 A11 A14 A15	B1 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10	C1 C4 C6 C7
Realizar achegas creativas e orixinais na análise dos textos literarios, dos produtos artísticos e das realidades culturais.	A1 A2 A4 A9 A11 A14 A15	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10	C1 C4 C6 C7
Saber realizar unha análise crítica da literatura e os discursos como un medio de construción da feminidade e da masculinidade, así como dos roles e estereotipos de xénero asociados a estas identidades nas diferentes épocas.	A2 A4 A11 A14	B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10	C1 C4 C6 C7



Saber empregar o xénero e a sexualidade como categorías de análise das representacións da subxectividade inscritas nos textos literarios.	A2	B3	C4
	A4	B4	C6
	A11	B5	C7
	A14	B7	
	A15	B8	
		B9	
	B10		

Contents	
Topic	Sub-topic
1.- Literatura e estudos de xénero	1.1. Introducción: A teoría feminista e a redefinición da realidade 1.2 O concepto de xénero e as achegas metodolóxicas dos estudos feministas.
2. Crítica literaria e pensamento feminista	2.1. Nesgos de xénero no estudo da literatura 2.2. Canon e androcentrismo 2.3 Feminismos e crítica literaria
3. Aproximación a textos literarios galegos desde unha perspectiva de xénero	3.1. A obra de Rosalía de Castro: a construción da identidade fronte á norma 3.2. Imaxes de mulleres e discurso de xénero na narrativa de Ramón Otero Pedrayo e de Alfonso R. Castelao 3.3. Eduardo Blanco-Amor: unha reflexión sobre xéneros, identidades e estereotipos 3.4. M ^a Xosé Queizán: cuestionamento de estereotipos e das identidades de xénero desde o discurso feminista

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours
Document analysis	A1 A3 A7 A10 A11 A17 A19 A2 A4 A9 A14 A15 B2 B9 B3 B4 B5 B7 B8 B9 C3 C1 C4 C6	8	16	24
Workbook	A1 A18 A20 A23 A27 A28 B1 B5 B6 B8 B2 C3 C6 C4 C7	0	16	16
Directed discussion	A2 A4 A14 A15 A1 A11 B3 B4 B5 B8 B10 B10 C1 C4	8	0	8
Introductory activities	B8 B9 C1	1	0	1
Events academic / information	B3 B8 B5 C6 C7 C8	2	2	4
Long answer / essay questions	A17 A2 A4 A9 A11 A14 A15 B5 B7 B1 B3 B6 B8 C1 C3 C6 C4	2	20	22
Problem solving	A1 A10 A17 A2 A4 A9 A11 A15 B6 B3 B5 B8 C4 C1	2	14	16
Guest lecture / keynote speech	A1 A7 A17 A19 A20 A27 A1 B5 B8 B9 C6 C8	10	10	20
Personalized attention		1.5	0	1.5

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.



Methodologies	
Methodologies	Description
Document analysis	Como actividade derivada das sesións maxistras, o alumnado terá que analizar textos (teóricos ou de creación) ou outro tipo de materiais (filmes, hipertextos, etc). Isto implicará un traballo previo que requerirá un esforzo na actividade non presencial.
Workbook	Será preciso realizar para cada sesión e nos prazos determinados unha serie de lecturas básicas, así como as necesarias para a realización dos traballos.
Directed discussion	Ao longo de varias das sesións do curso, desenvolveranse discusións, moderadas pola profesora, sobre algún dos aspectos do temario. Para poder participar axeitadamente, será imprescindible ter realizado as lecturas previas definidas para cada sesión.
Introductory activities	Toma de contacto para coñecer o nivel de coñecementos, intereses, motivacións, etc.
Events academic / information	Asistencia e participación en eventos relacionados coa materia que se realicen na propia facultade ou noutros lugares accesíbeis para o alumnado.
Long answer / essay questions	Cada estudante terá que elaborar un breve ensaio sobre algún aspecto relacionado co temario, cuxa orientación e características formais seguirán as indicacións establecidas previamente pola profesora. Esta actividade permite avaliar a capacidade de crítica, de síntese, de comparación, de redacción e de orixinalidade da/do estudante. Implica, por tanto, un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.
Problem solving	Como complemento ás sesións maxistras e ás actividades prácticas presenciais, o alumnado deberá realizar (fóra da aula) unha serie de actividades prácticas ou traballo tutelado sobre os contidos traballados nas aulas presenciais que deberá entregar á docente nas datas marcadas.
Guest lecture / keynote speech	Exposición da profesora co fin de introducir o contexto teórico e cultural do tema correspondente, así como os fundamentos teóricos e metodolóxicos da materia.

Personalized attention	
Methodologies	Description
Document analysis Long answer / essay questions Guest lecture / keynote speech Workbook Directed discussion Problem solving	Através destas metodoloxías avaliarase a evolución individual de cada alumno ou alumna, de maneira que en calquera momento se podan activar mecanismos compensatorios ou de consolidación de coñecementos ou destrezas. Á beira do labor de titorización realizado no horario de atendimento marcado pola profesora responsábel da materia, a atención personalizada estará dirixida fundamentalmente para o apoio á realización dos traballos tutelados. De maneira xeral, cada estudante asistirá, polo menos, a unha sesión de atendimento previa á entrega da proba de ensaio final. Esta atención personalizada tamén está contemplada para o alumnado a tempo parcial e con dispensa académica recoñecida, así como para o estudantado matriculado para se examinar na oportunidade adiantada de decembro.

Assessment			
Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Document analysis	A1 A3 A7 A10 A11 A17 A19 A2 A4 A9 A14 A15 B2 B9 B3 B4 B5 B7 B8 B9 C3 C1 C4 C6	O alumnado terá que analizar en clase textos (teóricos o literarios) ou outro tipo de materiais (filmes, hipertextos, etc). Isto implicará un traballo previo que requerirá un esforzo na actividade non presencial.	20



Long answer / essay questions	A17 A2 A4 A9 A11 A14 A15 B5 B7 B1 B3 B6 B8 C1 C3 C6 C4	Cada estudante terá que elaborar un breve ensaio sobre algún aspecto relacionado co temario, cuxa orientación, dimensións e características formais seguirán as indicacións establecidas previamente pola profesora. Valorarase fundamentalmente a profundidade e o rigor no desenvolvemento do tema seleccionado, así como a clareza expositiva e expresiva.	40
Directed discussion	A2 A4 A14 A15 A1 A11 B3 B4 B5 B8 B10 B10 C1 C4	Avaliarase a participación activa nas sesións prácticas dedicadas á posta en común de cuestión e problemas previamente plantexados pola profesora. Para poder participar axeitadamente, será imprescindible ter realizado as lecturas previas definidas para cada sesión.	20
Problem solving	A1 A10 A17 A2 A4 A9 A11 A15 B6 B3 B5 B8 C4 C1	Actividades prácticas non presenciais que deberán ser entregadas nos prazos marcados. Avaliarase o correcto desenvolvemento das instrucións indicadas, a aplicación dos contidos teóricos á práctica, para alén da corrección na análise e na expresión escrita.	20

Assessment comments



1. OBSERVACIÓNS XERAIS DE AVALIACIÓN

1.1. Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos no conxunto de actividades que compoñen a avaliación.

1.2. O alumnado terá que entregar os traballos e actividades no prazo fixado.

1.3. Todas as actividades deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal...); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación segundo o documento "Exixencias mínimas de corrección lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués o 6/7/2018 e colgado en Moodle).

2. AVALIACIÓN DA SEGUNDA OPORTUNIDADE (XULLO)

2.1. Aquel alumnado que non superase a materia con anterioridade, terá que presentar os exercicios escritos que non fosen avaliados positivamente. A data límite de entrega será a marcada para o exame do mes de xullo.

2.2. Na 2.ª oportunidade o alumnado será avaliado cos mesmos criterios que na oportunidade anterior, aínda que con certa variación sobre as porcentaxes xa que non se poderán ter en conta as actividades de carácter presencial (Análise de fontes documentais e Discusión dirixida). Así, a valoración estará composta polo 50% das actividades englobadas no apartado "Solución de problemas" (unha das cales será presentada de modo oral) e o 50% da "Prueba de ensaio", que deberá ir tamén acompañada dunha presentación oral. A entrega dos traballos, así como a realización das presentacións, terán lugar na data oficial marcada pola Facultade de Filoloxía.

3. AVALIACIÓN DA OPORTUNIDADE ADIANTADA DE DECEMBRO

Nesta

oportunidade adiantada cada estudante será avaliado/a de modo similar á segunda oportunidade (xullo). A valoración estará composta polo conxunto de actividades (50%) que se engloban na epígrafe de "Solución de problemas" (unha das cales será presentada de modo oral) e o 50% da "Prueba de ensaio", que deberá ir tamén acompañada dunha presentación oral. A entrega dos traballos, así como a realización das presentacións, terán lugar na data oficial marcada pola Facultade de Filoloxía.

4. ALUMNADO A TEMPO PARCIAL OU CON DISPENSA ACADÉMICA

O alumnado matriculado a tempo parcial e con dispensa académica de exención de asistencia concedida deberá pórse en contacto co profesorado da materia no inicio do curso académico para planificar, en cada situación concreta, os axustes necesarios na avaliación no tocante ás actividades presenciais (que serán substituídas por outras non presenciais equivalentes). Así mesmo, aquel alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir ás aulas debe tamén contactar co profesorado responsábel.

5. CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO/A

Considerarase como NON PRESENTADO/A o/a alumno/a que non presente a "Prueba de ensaio" e, alén diso, cuxo número de actividades avaliadas for inferior ao 50 %.

6. OUTRAS PRECISIÓNS

Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña" (artigo 14.4). No xeral, a falta de honradez académica nunha proba conlevará a cualificación de 0 nesa convocatoria e, noutros traballos, a reprobación da actividade concreta.

A materia

poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC/no Centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Filoloxía (no seguinte enderezo electrónico: pat.filoloxia@udc.gal)."



Sources of information

<p>Basic</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Blanco, Carmen (1995). Nais, damas, prostitutas e feirantas . Vigo: Xerais - Blanco, Carmen (1995). Literatura galega da muller. Vigo: Xerais - Castro, Olga / Reimóndez, María (2013). Feminismos. Vigo: Xerais - García Marín, Jorge (2019). Papá, por que non pintas as unllas de cores? Educando (construíndo) masculinidades disidentes. Vigo: Galaxia - García Negro, Mª Pilar (2010). O clamor da rebeldía. Rosalía de Castro: ensaio e feminismo . Santiago: Sotelo Blanco - González Fernández, Helena (2005). Elas e o paraugas totalizador. Vigo: Xerais - Martín, Sara (2007). "Los estudios de la masculinidad. Una mirada al hombre a partir del feminismo" en Meri Torras (ed.), Cuerpo e identidade I. Barcelona: Edicions UA - Varela, Nuria (2005). Feminismo para principiantes. Barcelona: Ediciones B Libro <p>A profesora fornecerá, na aula e/ou a través da plataforma Moodle, unha selección de textos literarios e críticos que o alumnado deberá ler nos prazos fixados.</p>
<p>Complementary</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Adán, Carme (2018). Femicidio. Unha nova orde patriarcal en tempos de submisión . Vigo: Galaxia - Amorós, Celia (coord.) (1994). Historia de la teoría feminista . Madrid: Instituto de Investigaciones feministas de la UCM /Dirección general de la Mujer - Asociación Socio-Pedagóxica Galega (ed.) (1996). Historia da Literatura Galega 5 vols.. Vigo: Asociación Socio-Pedagóxica Galega / A Nosa Terra - Beltrán, Elena et alii (eds) (2001). Feminismos. Debates teóricos contemporáneos. Madrid: Alianza - Bernárdez, Carlos L. / Insua, Emilio X. / Millán, Xosé M. / Rei. Manuel / Tato, Laura (2001). Literatura galega. Século XX. Vigo: A Nosa Terra - Blanco, Carme (1995). O contradiscurso das mulleres. Historia do feminismo. Vigo: Nigra - Fariña Busto, Mª Jesús / Suárez Briones, Beatriz / Martín Lucas, Mª Belén (eds.) (2005). Escribir en femenino. Poéticas e políticas . Barcelona: Icaria - Forcadela, Manuel / Noia, Camiño (coords.) (2011). Cara a unha poética feminista. Homenaxe a María Xosé Queizán. Vigo: Xerais - García Negro, Mª Pilar (2001). Arredor de Castelao. Vigo: A Nosa Terra - González Fernández, Helena (2009). Género y nación : la construcción de un espacio literario . Barcelona: Icaria - Macedo, Ana G. / Amaral, Ana L. (orgs.) (2005). Dicionário da crítica feminista. Porto : Edições Afrontamento - Moure, Teresa (2012). Queer-emos un mundo novo. Sobre cápsulas, xéneros e falsas clasificacións . Vigo: Galaxia - Pena Presas, Montse (2018). Feminismos e literatura infantil e xuvenil en Galicia. Santiago de Compostela: Laiovento - Queizán, Mª Xosé (2008). Anti natura. Vigo: Xerais - Rodríguez Sánchez, Francisco (1993). Eduardo Blanco-Amor. O desacougo da nación negada. Vilaboa-Pontevedra: Ed. do Cumio - Vilavedra, Dolores (1999). Historia da Literatura Galega . Vigo: Galaxia <p>A profesora fornecerá ao longo do curso, a través da plataforma Moodle, material bibliográfico complementar e outros recursos específicos para cada un dos temas obxecto de estudo nesta materia.</p>

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments



Para calquera dúbida, poden pórse en contacto coa profesora, persoalmente en horario de atención ao alumnado, ou concertando cita previa no enderezo electrónico: carne@udc.gal

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.